



ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Metropolitano* e *Mariñán*.

3 de xaneiro de 2015

Dentro do programa de Nadal organizado polo Concello tivo lugar na Residencia García Irmáns unha actuación do grupo *A Trova Coruñesa*.



César



5 de xaneiro de 2015

Celebrouse a tradicional Cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade. A organización correu a cargo do Concello.

9 de xaneiro de 2015

Dentro do Programa de Nadal organizado polo Concello tivo lugar no Cine Alfonso Setti unha actuación do grupo de jazz *Gháss*.

Xaneiro de 2015

Ó longo deste mes o artista David Garrido desenrolou os traballos de restauración e repintado dos escudos da praza de Alfonso IX, que representan as sete capitais do antigo Reino de Galicia.

10 de xaneiro de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un Festival Folclórico coa actuación da *Agrupación Cultural San Xoán de Ouces* de Bergondo, Grupo *A Marola de Mera* de Oleiros, Grupo *Airíños do Frade* de San Martín do Porto de Cabanas, *Os Larpeiros de Altamira* e a entidade organizadora, a *Asociación Cultural Santo Domingo As Garelas* de Betanzos, coa colaboración do Concello de Betanzos.

11 de xaneiro de 2015

Como peche do Programa de Nadal organizado polo Concello, tivo lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns a actuación do grupo *Camerata Brigantina*.

Xaneiro de 2015

Comezou neste mes a segunda fase dos obradoiros de emprego que desenrolaron os concellos de Betanzos, Coirós e Paderne, con diversos cursos formativos financiados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social e a consellería de Benestar.

14 de xaneiro de 2015

Tivo lugar a Regata Popular de Piragüismo Nadal, organizada polo Club Náutico Ría de Betanzos-Piragüismo.

16 de xaneiro de 2015

Na Sala de exposicións do Edificio Liceo tivo lugar a inauguración da exposición de pintura de Fernando Fraga.



23 de xaneiro de 2015

O representante do *Bar 1931* recibiu de mans do alcalde, D. Ramón García e da concelleira de promoción económica, D^a Mónica Carneiro, as placas conmemorativas como gañador da Semana do Pincho 2014 así como a de mellor petisco, premio concedido por votación popular.

31 de xaneiro de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns e organizado polo Concello, tivo lugar o concerto de saxofóns *Sax Antiqua*.

31 de xaneiro de 2015

O Edificio Liceo foi o lugar elixido pola Federación Galega de Parálise Cerebral (Aspace-Galicia) para a primeira edición do concurso «En ASPACE Cocifiamos Xuntos», en que pais e fillos competiron

por facerse co premio á mellor tortilla de patacas. No acto estiveron presentes o presidente de ASPACE-Galicia, D. Eulogio López Río, o alcalde, D. Ramón García e a concelleira de promoción económica, D^a Mónica Carneiro.

31 de xaneiro de 2015

O Concello concedeu dúas vivendas en réxime de aluguer no grupo Martín Ballesteros.

Febreiro de 2015

Desenrolouse ó longo deste mes na Aula de Cultura Xulio Cuns o «VI Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos», organizado pola *Agrupación Teatral Mariñán* e o Concello de Betanzos, que contou coas representacións seguintes: «Ela, a miña amante e a miña señora», pola compañía *Queimastén* das Pontes; «Desencaixados. Esperpéntica crise» interpretada por *Aturuxo de Melpómene* de Narón; «Un cabaré de película» por conta do grupo *FarandOleiras Cabaré* de Oleiros; «Os nenos perdidos» polo grupo *DameCuerdaQue Teatro* de Pontedeume.

8-18 de febreiro de 2015

Desenvolveuse ó longo destes días o programa de festexos do Entroido elaborado polo concello, con bailes, festas infantís e, como ven sendo habitual, rematou coa queima da sardiña no río Mandeo.

Febreiro de 2015

Ó longo deste mes desenroláronse varios actos para conmemorar o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, organizados polo Concello coa colaboración da Asociación Cultural Eiravella e os centros de ensino. Consistiron nun recitado de poemas na Aula de Cultura Xulio Cuns, rematando cunha actuación musical por conta de Fran Pérez «Narf»; xincana literaria dramatizada, denominada «Rosalía na voz da xente» por conta de Xandobela; e unha exposición bibliográfica na Biblioteca Municipal Castela.

Febreiro de 2015

Ó longo deste mes leváronse a cabo os traballos de limpeza da estatua de mármore de Carrara que representa á Caridade situada nas inmediacións do Pasatempo.



14-28 de febreiro de 2015

No Edificio Liceo tivo lugar unha exposición de acuarelas de María José Varela Salido.



Arume

27 de febreiro de 2015

Presentouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o libro da autoría de Alfredo Erias Martínez «Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos. San Francisco, Santa María do Azougue y Santiago», baseado na súa tese de doutoramento e coeditado pola Xunta de Galicia e Briga Edicións. No acto o autor estivo acompañado polo Alcalde, D. Ramón García, o director xerente da S. A. Xestión do Plan Xacobeo, D. Rafael Sánchez e o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz.



28 de febreiro-7 de marzo de 2015

Celebrouse ó longo destes días «Betanzos Zona Outlet», un evento organizado pola Asociación de Comerciantes (ACEBE) e o Concello no que participaron vintecinco establecementos. O obxectivo foi dinamizar o comercio poñendo unha zona outlet dentro de cada un dos establecementos participantes para dar saída ó stock da campaña de inverno.

2-19 de marzo de 2015

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición «Dende o Sur: Honduras e

República Dominicana. A mirada de Manu Bravo (Honduras) e a mirada de Tania Juan (República Dominicana)» organizada pola Asemblea de Cooperación pola Paz na que colaboran o Fondo Galego de Cooperación e o Concello de Betanzos.



5 de marzo de 2015

O alcalde, D. Ramón García e as concelleiras de Turismo e de Comercio, D^a María Barral e D^a Mónica Carneiro presentaron no Edificio Liceo a nova marca de promoción da cidade «Betanzos tan cerca».



5 de marzo a 9 de abril de 2015

Celebrouse no Edificio Liceo o «IV Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino», coordinadas por Alfredo Erias. A primeira foi a titulada «Ningún tan malo; sobre os libros, a lectura ou viceversa» impartida por Xabier López López. A segunda, «De Betanzos a Untia. Memoria e ficción» a cargo de Xesús Fraga. A terceira, «Regresos a Betanzos» impartida por Tucho Calvo. A cuarta, «Os Irmáns García Naveira e o dereito a unha boa educación para todos» impartida por Eduardo Fuentes. Rematouse o ciclo coa conferencia de Ana Fonticoba e Beatriz Lucas «Novos espazos para novos tempos. Casco Histórico de Betanzos».

6 de marzo de 2015

No Edificio Liceo e organizada polo Concello, tivo lugar a conferencia da historiadora Marisa Irimia titulada «O ideal de beleza feminina e a súa evolución ao longo da Historia da Arte».

Marzo de 2015

Neste mes abriuse de novo ó tráfico a rúa de Emilio Romay despois das últimas obras realizadas.



Veiga



7 de marzo de 2015

Organizada polo Concello tivo lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns a representación teatral da obra «Herencia», por conta da compañía teatral afeccionada *Hermanas Teatro de Mera*, de Oleiros.

8 de marzo de 2015

A psicopedagoga D^a Sandra Mosquera Paredes foi galardoada co *VII Premio Úrsula Meléndez de Texeda*, organizado polo Concello de Betanzos. O acto de entrega, encadrado dentro da celebración do Día da Muller, tivo lugar no Edificio Liceo.

11 de marzo de 2015

A Delegada Territorial da Xunta de Galicia, D^a Belén do Campo visitou as obras do novo vial de acceso ó polígono de Piadela. Na súa visita estivo acompañada polo alcalde, D. Ramón García e varios concelleiros.

13 de marzo de 2015

No Edificio Liceo e organizada pola Asociación cultural *Roxin Roxal*, tivo lugar a presentación por parte de Santiago Veloso, da experiencia educativa radiofónica «Ponte...nas ondas!» A continuación actuou a contacontos, María da Pontragha.



14 de marzo de 2015

Betanzos foi un dos puntos elixidos para desenrolar un dos *sketch* teatrais das «Historias ao longo do Camiño Inglés» que organizou *Ti e máis Eu Teatro* en colaboración cos concellos do camiño.

14 de marzo de 2015

Tivo lugar a «XI Xuntanza de Labores Artesanais» organizada polo Concello de Betanzos e as Mulleres da Condesa, na que participaron arredor de medio cento de asociacións con catrocentas vinte artesanas de Galicia, Asturias, León e Zamora.



21 de marzo de 2015

Con motivo do «Día Mundial da Poesía», e organizado polo Concello, realizáronse diversos obradoiros de iniciación á poesía entre o alumnado de primaria dos centros de ensino de Betanzos por conta do xornalista e escritor Manuel Guisande. Como complemento, na Biblioteca Municipal Castelao puido verse unha exposición bibliográfica de poesía galega actual.

21 de marzo de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral «As Fillas Bravas», interpretada pola compañía *Grupo Chévere*, baixo a organización do Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

28 de marzo de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns celebrouse un concerto polo Grupo de Pequenos e do Grupo de Maiores da Orquestra de Nenos da Sinfónica de Galicia.



Artime

28 de marzo-4 de abril de 2015

Ó longo destes días desenroláronse os actos de Semana Santa, organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos, que deron comezo coa lectura do pregón pola médica-cardióloga do CHUAC, D^a María Luísa Pérez Álvarez. Contou con actuacións musicais como os concertos de música sacra do *Coro Cantabile* e da Coral Polifónica de Betanzos. Programáronse as procesións e pasos seguintes : entrada de Xesús en Xerusalén coa Burriña; Vía Crucis e Santo Encontro con Xesús atado á columna, Xesús Nazareno de Medinaceli, Cristo da Misericordia ou dos Mareantes, Ecce Homo e Virxe Dolorosa; Santo Entero con Cristo das Ánimas, Santo Sepulcro, A Nosa Señora da Angustia e A Nosa Señora da Soidade, e Procesión dos Caladiños cos pasos da Nosa Señora das Dores e da Santa Cruz; Procesión da Soidade con San Xoán Evanxelista e da Nosa Señora da Soidade. Nas procesións participaron a Banda de Tambores do Cristo Xacente de Sada, a Banda Municipal de Música de Betanzos, a Banda Acotaga de Ferrol, a Banda Municipal de Música de Abegondo e a Banda de Gaitas e Tambores Zuncurrundullo de Castroverde (Lugo).

1-5 abril de 2015

Organizado polo Concello celebrouse a «Ruta culinaria de Semana Santa», iniciativa gastronómica de pinchos e menús propios desta época, na que participaron uns vinte establecementos de hostalería.

1-15 de abril de 2015

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición «Patrimonio de Betanzos. Estudos para a súa rehabilitación», froito da colaboración entre o Concello de Betanzos e o Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica, da Universidade da Coruña. A exposición recolleu o traballo de oito autores que afondaron na historia de Betanzos a través das construcións do seu casco histórico.

Abril e maio de 2015

Ó longo destes meses e organizado polo Concello, leváronse a cabo no Centro Pai Menni varios Obradoiros de Teatro para persoas con diversidade funcional, por conta de *La Quinta del Arte*.

11 de abril de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Pan! Pan!» interpretada pola compañía de teatro *A Panadaría*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



14 de abril de 2015

O alcalde, D. Ramón García, acompañado do concelleiro de Deportes, D. Diego Fernández, entregaron aos clubs deportivos que utilizan as instalacións do Carregal dous desfibriladores e outros dous equipos de respiración e primeiros auxilios. Para a súa correcta utilización impartíronse varios cursos nos que colaborou a Asemblea Local de Cruz Vermella.

17 de abril de 2015

No Edificio Liceo inaugurouse a exposición «Semana Santa de Betanzos 2015» na que se amosaron as fotografías que se presentaron ó concurso convocado pola Confraría de Semana Santa de Betanzos. Xunto a estas tamén se puideron ver as de algúns profesionais, así como o vídeo oficial.

Abril de 2015

Con motivo do «Día Internacional do Libro» e organizado polo Concello, celebráronse nos centros educativos da cidade diversos obradoiros de creación literaria por conta da escritora Diana Varela Puñal e sesións de de contacontos pola narradora Raquel Queizás con «Historias da maleta». Como complemento, na Biblioteca Municipal «Castelao» puido contemplarse unha exposición bibliográfica de clásicos da literatura infantil.



18 de abril de 2015

Dentro da campaña «Ler conta moito» da Xunta de Galicia, tivo lugar na Biblioteca Municipal Castelao a escenificación da obra, «O cociñeiro Antón e a pasteira Tomasa» por conta do grupo de teatro «Calavera».

19 de abril de 2015

A *Asociación de Veciños da Magdalena* e a *Condomiña* outorgou o primeiro

premio «Cacahuete do ano», que busca premiar a colaboración nas actividades do barrio, ós propietarios de Bodegas Barral.



vecinosdelamagdalena.blogspot



24 de abril de 2015

Presentouse na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns o libro «Morfología Urbana de Betanzos de los Caballeros» da autoría do Cronista Oficial da cidade, D. José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro, que foi editado polo Concello. A presentación correu a cargo do presidente de Tesouros de Galicia, D. Javier Rodríguez-Losada. O acto contou coa presenza do alcalde, D. Ramón García e o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz.

23 de abril de 2015

Visitaron a nosa cidade un grupo de mulleres de Vegadeo, encabezadas pola súa alcaldesa, D^a María Begoña Calleja, que foron recibidas polo alcalde, D. Ramón García.

24 de abril de 2015

Organizada pola Deputación Provincial celebrouse unha Xornada de Promoción do Voluntariado entre os Escolares, que contou coa participación do Concello a través de Protección Civil, a Oficina de Turismo, colectivo de terceira idade e Escola Infantil Municipal. Participaron na mesma outras entidades como Cáritas, a Asociación de Loita contra o Cancro, a Asociación de Reiki e o Centro Pai Menni.



29 de abril de 2015

No Pleno deste día aprobouse o cambio de nome da Rúa «Julio Pérez Salas» polo de «Rúa Caneiros». O novo nome foi proposto polos veciños despois de que a Comisión de Nomenclator lle retirase con base á Lei da Memoria Histórica as honras e distincións a Julio Pérez Salas.

Maio de 2015

Ó longo deste mes levouse a cabo o Programa de actos das Letras Galegas, organizado polo Concello, que este ano estivo adicado a Xosé Filgueira Valverde. Para o seu desenvolvemento contouse coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións municipais como o Museo das Mariñas, co mes de portas abertas, ou unha exposición bibliográfica na Biblioteca Municipal Castelao. Celia Antelo Vázquez de 5.º de primaria do CEIP Francisco Vales Villamarín foi a gañadora do Concurso de carteis das Letras Galegas.



1 de maio de 2015

A Escola Municipal de Folclore «Cantou os maios» polas prazas de Betanzos.

2 de maio de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a proxección da película *A Esmorga*, filme galego baseado na novela de Eduardo Blanco Amor. Con posterioridade realizouse un Coloquio organizado polo Club de Lectura do IES Francisco Aguiar e a Librería *Biblos* que contou coa asistencia do director da película Ignacio Vilar.

2-31 de maio de 2015

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición sobre a vida e obra de Xosé Filgueira Valverde, organizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e o Concello.

4-15 de maio de 2015

Organizados polo Concello, desenroláronse sete obradoiros radiofónicos «Xosé Filgueira Valverde, o vello profesor a través da radio» por conta de Sergio Pascual e Lucía Abarrategui para o alumnado de distintos niveis de ESO do CPR Nosa Señora do Carne *Atocha*, o IES *As Mariñas* e o IES *Francisco Aguiar*.

7 de maio de 2015

No Edificio Liceo o goberno local asinou os convenios de colaboración coas entidades deportivas, culturais e sociais para o desenvolvemento e apoio ás súas actividades e que foron as seguintes: Cruz Vermella, Cáritas, Asociación Prol Enfermos Mentais (APEM), Asociación de Comerciantes e Empresarios (ACEBE), a Fundación CIEC, Confraría de Semana Santa, Coral Polifónica, Amigos da Banda, Asociación de Pais e Nais do colexio Vales Villamarín, Betanzos C.F., Club de Piragüismo,



Arume

Club de taekwondo, Troula Fútbol Sala, Santo Domingo de baloncesto, Club Ciclista e o Club Caimanes.

8 de maio de 2015

Organizados polo Concello, tiveron lugar tres obradoiros de Creación Literaria por conta da escritora Diana Varela Puñal para o alumnado de secundaria do IES *Francisco Aguiar* e o IES *As Mariñas*.

8-31 de maio de 2015

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición «Paisaxes» por conta de Uxío Losada.

9 de maio de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Perplexo», interpretada pola compañía de teatro *Il Maquinario*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

10 de maio de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a «II Velada de Radioteatro Amateur» coa representación de dúas obras inéditas: «O ladrón de palabras» e «Unha historia case real». O acto foi organizado polo Laboratorio de Radio, que contou coa colaboración do Concello de Betanzos.

16 de maio de 2015

Desenrolouse ó longo deste día un Encontro de Garafeteiros no campo de fútbol do Carregal. Esta actividade foi organizada polo Concello.

16 de maio de 2015

A Praza da Constitución foi o marco do «II Desfile de moda do Comercio de Betanzos», organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos.



17 de maio de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o acto de entrega dos premios do «VI Concurso de Carteis das Letras Galegas» e máis o «V Concurso de Creación Literaria». Os gañadores foron: Sara Parga Pérez, Categoría Xuvenil (Bacharelato) e Clara Rodríguez Núñez en categoría Xuvenil (ESO). Pechouse o acto co espectáculo de narración oral «Contos da Quintana Viva» por conta de Pedro Brandariz de *Dinamo*.

Maio de 2015

Foi colocado de novo no seu lugar o retablo do Cristo do arco da Ribeira despois dos traballos de conservación e restauración da licenciada en Bellas Artes, Ana del Río.



23 de maio de 2015

Como ven sendo tradicional, os betanceiros que cumpriron o medio século reuníronse para celebrar o acontecemento.



23 de maio de 2015

Na Biblioteca Municipal «Castelao» desenrolouse o obradoiro «Titeres nas mans» impartido por Larraitz Urruzola, incluído na rede «Ler conta moito» da Xunta de Galicia.

24 de maio de 2015

Neste día tiveron lugar as eleccións municipais, cos seguintes resultados:

PSdeG-PSOE	2.479 votos
PP	2.176 votos
Betanzos Novo-Son.....	1.002 votos
B.N.G.	641 votos
CxG-CCTT	400 votos

Obtiveron por tanto, a seguinte representación municipal: PSdeG-PSOE, 7 concelleiros; PP, 6; Betanzos Novo-Son, 2; B.N.G., 1; CxG-CCTT, 1.

28 de maio de 2015

Presentouse no Edificio Liceo o volume de banda deseñada *Historias de Betanzos II*, editado polo Concello de Betanzos e da autoría do profesor e ilustrador Xosé Tomás, coa colaboración do Cronista Oficial de Betanzos, D. José Raimundo Núñez. No acto o autor estivo acompañado polo Alcalde, D. Ramón García e o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz.



29 de maio de 2015

No Edificio Liceo e no Cine Alfonso, desenvóléronse as «IV Xornadas de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade», organizadas polo CEIP Francisco Vales Villamarín, IES As Mariñas, IES Francisco Aguiar, CFR A Coruña, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ANPA Brigantium, ANPA As Mariñas, ANPA O Carregal e o Concello de Betanzos.



Arume

31 de maio de 2015

Na Igrexa de San Francisco celebrouse un concerto de música clásica por conta da *Camerata Catro Cordas*.

Maio de 2015

Estefany Abalorios, *Zapatería Ramoné* e *Bicos* foron os establecementos gañadores do concurso de escaparatismo celebrado neste mes, que foi convocado polo Concello para a promoción do comercio. Ó mesmo tempo tivo lugar o Concurso de Fotografía de Escaparates no que Yolanda Rascado Rodríguez obtivo o primeiro premio.



Yolanda Rascado

11 de xuño de 2015

No Consello da Xunta de Galicia deste día foi nomeada Directora Xeral de Xuventude e Voluntariado a betanceira, D^a Cecilia Vázquez Suárez.



Xunta gal

13 de xuño de 2015

Neste día tomou posesión a nova Corporación Municipal, saída das últimas eleccións municipais, que quedou composta do seguinte xeito:



*D. José Ramón García Vázquez
Alcalde-Presidente*



*D.ª María Barral Varela
Concelleira*



*D. Diego Fernández López
Concelleiro*



*D. Antonio Vázquez Lorenzo
Concelleiro*



*D.ª Mónica Carneiro Cid
Concelleira*



*D.ª Ana Belén Veiga Pita
Concelleira*



*D. Andrés Teijo Hermida
Concelleiro*



*D. José Ángel Rodríguez Prieto
Concelleiro*



*D. Pablo Tomé Crespo
Concelleiro*



*D.ª Marta Iglesias Gómez
Concelleira*



*D.ª María Vanesa Seijo Siso
Concelleira*



*D.ª Ana María Ascariz Rodríguez
Concelleira*



*D.ª Natalia Vázquez Pita
Concelleira*



*D. Hipólito J. Ramón Pérez Novo
Concelleiro*



*D. Xosé Francisco Vales Fernández
Concelleiro*



*D. Henrique del Río Otero
Concelleiro*



*D. Carlos Alberto Muíño Naveira
Concelleiro*



Arume

Partido Socialista de Galicia-PSOE: D. José Ramón García Vázquez (elixido alcalde), D^a María Barral Varela, D. Diego Fernández López, D. Antonio Vázquez Lorenzo, D^a Mónica Carneiro Cid, D^a Ana Belén Veiga Pita e D. Andrés Teijo Hermida.

Partido Popular: D. José Ángel Rodríguez Prieto, D. Pablo Tomé Crespo, D^a Marta Iglesias Gómez, D^a María Vanesa Seijo Siso, D^a Ana María Ascariz Rodríguez e D^a Natalia Vázquez Pita.

Betanzos Novo-Son: D. Hipólito José Ramón Pérez Novo e D. Xosé Francisco Vales Fernández.

Bloque Nacionalista Galego: D. Henrique del Río Otero.

Compromiso por Betanzos/ Compromiso por Galicia: D. Carlos Alberto Muíño Naveira

19 de xuño de 2015

D. Manuel Freile Barba entregoulle ó alcalde, D. Ramón García, varias copias de documentos, para o Arquivo Municipal, que relatán a viaxe a América no século XVI do seu antepasado, D. Jacome Freile de Andrade, natural de Betanzos e descendente da familia dos Andrade.

19 de xuño de 2015

No Pleno do Consorcio *As Mariñas* celebrado neste día saíu elixido como presidente o alcalde de Abegondo, D. José Antonio Santiso Miramontes.

21 de xuño de 2015

Celebrouse na Praza da Constitución, organizado polo Concello, o «XVIII Encontro de Bandas de Música» no que participaron a Unión Musical de Ponte Ledesma e a Banda Municipal de Betanzos.

Xuño de 2015

Betanzos incrementou os equipos de Protección Civil e Policía Local con dous novos vehículos, adquiridos a través dunha convocatoria da Xunta.

26 de xuño de 2015

O Colexio de Educación Infantil e Primaria *Francisco Vales Villamarín* obtivo o Premio Nacional á inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais polo seu proxecto «Atención á diversidade a través da sensibilización e a formación permanente. Seguimos ou plantamos», concedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Recolleu o premio no Consello Superior de Investigacións Científicas de Madrid o director do centro, D. Andrés Otero Martínez.

28 de xuño de 2015

Na igrexa de San Francisco e organizado polo Concello, tivo lugar un concerto da *Orquesta Gaos* con obras de Mozart e Brahms, baixo a dirección de Fernando Briones, que contou coa participación da fagot solista María José Rielo.

Xullo-setembro de 2015

Ó longo destes meses leváronse a cabo as «Actividades de Verán», organizadas polo Concello en colaboración coa Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Abanca, Banco Etcheverría e Gadís. Estiveron compostas de: campamentos, obradoiros, cursos de gráfica, actividades deportivas e actividades musicais e culturais, así como visitas guiadas polo casco histórico da cidade.

2 de xullo a 2 de agosto de 2015

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «O mundo medieval de Perico Castro», con obras do pintor, artesán e ceramista Pedro Castro Couto (Ferrol, 1948).

5 de xullo de 2015

O canonista betanceiro, David Mosquera Lendoiro proclamouse subcampión de Europa de maratón en categoría C-1 celebrado en Eslovenia.



Veiga



lavozlegalicia.es



10-12 de xullo de 2015

Celebrouse a XVIII edición da Feira Franca, declarada de Interese Turístico de Galicia, que contou con diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais: expulsión dos leprosos, tributo das cen doncelas, torneo medieval... A Feira deu comezo coa lectura do pregón a cargo da profesora betanceira Guadalupe Martínez Mosquera.



Pregón da XVIII Feira Franca Medieval Anno Domini MMXX

Miñas donas, meus cabaleiros, xentes de aquí e de acolá, betanceiros hoxe todos:

Hai xa preto de corenta anos que os meus ollos viron por primeira vez esta cidade na que vivo e xa dende moi pequecha as pendentes rúas con denominación gremial, as múltiples e reviradas caellas, as igrexas e as prazas, as pontes, os peiraos a carón dos ríos Mendo e Mandeo... que tanto a caracterizan, enfeitizáronme co seu engado.

Máis dunha vez ao longo da miña vida deí en cavilar que historias gardarían no seu seo as pedras milenarias que ergueron con mestría aqueles canteiros do Medievo, que anécdotas agocharían os fermosos recantos cos que acotío atopamos as persoas que, coma min, gostamos de percorrer baixo ceos orballosos, bretemosos ou refulxentes esta «Moi Nobre, Sempre Leal e Real Cibdade de Betanzos dos Cabaleiros».

Cando Brigo decidiu asentarse nestas paraxes e fundar a lendaria Brigantium, cando os nosos devanceiros colocaron as primeiras pedras do que logo sería coñecido como Castro de Untía, cando o rei Henrique IV lle concedeu o título de cidade a estas terras nas que agora nos atopamos, cando un dos camiños da tradición xacobeá deixou e continúa a deixar unha fonda pegada no noso chan, cando salientables nobres na Alta e Baixa Idade Media fixaron aquí as súas residencias, cando, segundo contan as lendas, soubemos aturar con fortaleza e valentía as incursións nórdicas e mouras, e loitar xuntos fronte as inxustizas e o asoballamento dalgúns «ricos homes», e continuando na historia, cando tivemos a honra de ser unha das provincias e tesoureiros do arquivo do antigo Reino da Galiza, cando ilustres betanceiros decidiron viaxar alén mar e cruzar o «gran charco» para voltar cheos de esperanza e ilusión mostrando o mundo por eles recién coñecido aos que aquí quedamos... Cando, cando, cando... a listaxe sería interminable...

Mais cando todo isto aconteceu, tivo que ser por algo. Ten que haber unha explicación, unha xustificación, á grandeza e méritos desta nosa cidade.

O apaixonante destas miñas cavilacións que hoxe quero compartir con todos vós non é a pretensión de dar unha clase de Historia. Non. O apaixonante para min hoxe é facervos chegar, como tamén fixo unha pregoeira predecesora miña neste mesmo balcón hai xa uns anos, a adoración que moitos lle profesamos a esta cidade, un namoramento nada egoísta e si altruísta, que nos leva a querer compartir todo o que temos e, sobre todo, todo o que somos cos que ata aquí vos achegades.

E, por que non facelo da mellor maneira que sabemos? Por que non gozar todos xuntos nestes tres próximos días da Feira que este ano acada a súa maioría de idade?

O que comezou sendo a recuperación dun feito transcendental para o Betanzos da Idade Media, a autorización outorgada polo rei Henrique IV de celebrar unha Feira Franca, é dicir, unha feira libre de impostos, de tributos, portádegos e alcabalas, supuxo anos despois todo un evento comercial que encheu de prosperidade á cidade e a toda a comarca, e que séculos despois, dende o ano 1998, deu lugar ao que hoxe vimos celebrar aquí: a volta a un glorioso pasado que marcou unha forte pegada na nosa historia actual e, de seguro, tamén na futura.



Artume

Permitídemme que neste momento, botando unha ollada a esta praza, aos pazos de Lanzós e de Bendaña, aos escudos de armas, estandartes e grilandas que todo o engalanan, aos postos de comida e bebida que ofrecen os seus produtos aos que aquí xa estades, e que vos axudarán a mantervos ben e a recuperarades forzas, aos postos dos artesáns coas súas alfaias, os adobíos curtidos ou as menciñas naturais para curaren as vosas doenzas... Repito, permitídemme que viaxe no tempo e que vos convide a facer o mesmo.

Como boa filla de alfaiate que son, voume espir da modernidade do século XXI para mergullarme no traxe da cotidianidade dun día de Feira Franca en pleno Medievo, non sei se convertida nunha Clara Sanches, esposa do comerciante e líder irmandiño Afonso de Carvallido, ou, por que non?, nunha Dona Sancha, con perdón dos aquí presentes... Que por soñar e desexar non se perde nada!

Así pois, xuntémonos todos, dende hoxe e até o vindeiro domingo, e transformados en fermosas donas ou doncelas, en valentes ou fachendosos cabaleiros, en trovadores ou xograres, en bispos ou frades, en artesáns ou menciñeiros, en mercadores ou pousadeiros, en peregrinos ou romeiros, en mendicantes ou esmoleiros... desfrutemos da historia que se fai viva nestas prazas e rúas e conxuguemos pasado e presente, recollendo os acertos de ambas as dúas épocas e desbotando ou corrixindo os erros cometidos como ensinanza para as novas xeracións.



César



Arume

Xoguemos, dancemos, cantemos, comamos e bebamos... porque a vida está para vivila. Xa o dicían os romanos: «carpe diem». Defendamos o que é noso, a nosa historia, as nosas tradicións, o noso pasado... Ninguén mellor ca nós para facelo. E loitemos por aquilo no que cremos, como antano fixeron moitos outros na procura dunha sociedade cada vez máis libre e máis xusta.

Anímovos, novamente, a que todos xuntos gocemos, se así nolo permiten os rexedores desta tan nobre cibdade, con ledicia desta Feira. Esquezamos e botemos a un lado por uns días os problemas e «lepras» do noso mundo actual.

Pequenos e maiores, ricos e pobres, artesáns e comerciantes, labregos e mariñeiros, monxas e cregos, homes e mulleres, betanceiros e forasteiros... todos a unha: VIVAMOS COMA GALEGOS, e nestes tres días VIVAMOS COMO AUTÉNTICOS BETANCEIROS!!!

Boa FEIRA FRANCA MEDIEVAL do ano do Señor 2015!!!



César

17-19 de xullo de 2015

Dentro do programa de actuacións do «IV Festival BetanJazz», organizado polo Concello de Betanzos, celebráronse na Praza da Constitución os concertos dos grupos: *Naíma Acuña Trío*, *Antonio Otero Cuarteto* e *Garufa Blue Devils Big Band*.

19 de xullo de 2015

Celebrouse a «VII Ruta da Auga», organizada polo Club BTT Caimanes, con diversos percorridos segundo as distintas categorías polas beiras do río Mandeo e no que participaron máis de setecentos ciclistas.

21 de xullo de 2015

A betanceira, D^a Mercedes Casanova Díaz foi nomeada Presidenta Provincial de Cruz Vermella, título que recibiu en Madrid do Presidente nacional, D. Javier Senent.

24 de xullo de 2015

Celebrouse na Praza dos Irmáns García Naveira o «XIX Festival de Folclore Día de Galicia» organizado pola Escola

Municipal de Folclore do Concello de Betanzos. Ademais do grupo organizador contou coa participación da orquestra de instrumentos populares galegos Suso Vaamonde, de Arcos da Condese (Caldas de Reis-Pontevedra), os regueifeiros da *Asociación Oral de Galicia de Ponteceso* e o *Grupo Azougue* da Escola Municipal de Folclore de Betanzos.

25 de xullo de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo infantil «Os Bolechas na máquina do tempo» para os nenos e as súas familias. Esta actividade estivo organizada pola Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia no marco do programa «Falaredes 2015» en colaboración co Concello de Betanzos.

27-30 de xullo de 2015

Desenrolouse ó longo destes días a «XV Semana Internacional do Cine de Betanzos», dedicada ó produtor Ignacio Benedetti baixo o título «Ignacio Benedetti. Pasión Cinéfila». Entre as proxeccións contouse cun documental restaurado do ano 1918 sobre os Canceiros.

1 de agosto de 2015

Organizada polo Concello celebrouse a xira «Canceiros en familia» co obxectivo de difundir e inculcar os valores tradicionais desta romaría.

8 de agosto de 2015

O padexeiro brigantino David Mosquera foi o 1º clasificado en categoría C-1 no descenso do río Sella.

12 de agosto de 2015

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a entrega do título de «Fillo Predilecto de Betanzos» a D. Jesús Núñez Fernández. Posteriormente descubriuse unha placa coa que se dá o seu nome á Sala de Exposicións do Edificio Liceo. Como remate do acto inaugurouse unha exposición da súa obra titulada «Suite salmanticense», que foi presentada por D^a Ánxeles Penas, poeta e crítica de Arte.



Arume



César



13 de agosto de 2015

Na igrexa de San Francisco celebrouse o tradicional Concerto Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, Coral Polifónica de Betanzos e Banda Municipal de Betanzos.

14 de agosto de 2015

Na praza da Constitución o alcalde, D. Ramón García, coroou á raíña das festas, a moza brigantina Lucía Fernández Martí. Seguidamente desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón a cargo do descendente dos Irmáns García Naveira, D. Jaime Lafora González. Este acto representou o comezo oficial das festas.

Pregón das Festas de San Roque

Betanceiros, betanceiras, visitantes todos: Es todo un honor para mí compartir estos momentos con la recién coronada Reina de las fiestas de este año 2015, Lucía Fernández. Mi saludo y reconocimiento también a la Reina Infantil, a todas las damas de honor y sus acompañantes.

Nos ha costado subir hasta aquí, Lucía, pero al final lo hemos conseguido y por fin vamos a dar el pistoletazo de salida a las más importantes fiestas de Betanzos, Ciudad de los Caballeros, que a nadie se le olvide. Tendremos que volver hasta El Liceo, Lucía, pero ya es cuesta abajo.

Gracias, señor Alcalde, gracias Corporación entera por brindarme la satisfacción de ejercer como pregonero de unas fiestas en las que, ya ha tiempo, mi madre, Águeda, nacida en esta ciudad, tuvo la suerte y la honra de ser Reina en 1946 a los 22 años de edad.

¿Qué es lo que esperamos de un pregonero? El diccionario de La Real Academia de la Lengua define pregón, entre otras acepciones, como «discurso elogioso que anuncia al público la celebración de una festividad incitando a participar en ella».

Se me antoja ocioso que mi cometido en estos momentos sea ése, pues de sobra es sabido que hoy empiezan las fiestas y sería absurdo que yo os incitase a participar en ellas; la ilusión y las ganas que reflejan vuestros rostros así lo ratifican. Aquí estamos todos, y todos sabemos por qué. No creo yo que haya de animaros mucho.

Esta festividad, cuya primera edición data de 1416, nos dejará inmersos durante 12 días en un mar de alegría y jolgorio como no podría ser de otra manera. Disfrutemos de Betanzos, regocijémonos en la alegría, el compañerismo, emocionémonos con la subida majestuosa de este globo que es una de nuestras maravillas desde que despegó por primera vez en 1814. Fue ya en 1875 cuando cobró importancia y adquirió su diseño tal y como le conocemos hoy, merced a Claudino Pita Pandelo.

Gracias a todos sus descendientes por haber sabido conservar la tradición y no haber flaqueado jamás ante el reto anual de la construcción de este aerostato que diseñó su antepasado.

Ojalá que también este año los vientos le sean favorables como preludio de lo bueno que está por llegar, y se eleve al cielo con la grandeza y el espíritu que hacen de él una de nuestras más importantes señas de identidad.

Al contrario que mis ancestros, no nací en esta tierra, aunque de ella me siento hijo porque mi corazón y gran parte de mi vida están aquí. Es por ello y por otras razones por lo que quiero incitaros de manera especial a algo realmente importante y con la misma relevancia que las fiestas en sí:



César

Queridos amigos y amigas, hemos de pensar, no sólo que estamos en fiestas, sino también que Betanzos es una fiesta por sí misma. Y no es una fiesta que dure 12 días, sino 365 días al año. Esta Ciudad que vio nacer a mi bisabuelo Juan y su hermano Jesús, que ahí abajo permanecen vigilantes, petrificados en mármol, es una fiesta para los sentidos; para los cinco habituales por la belleza que entra por los ojos, por su arquitectura, por la grandeza de su casco antiguo, por su olor a lluvia, a pulpo, a nuestra tortilla de «patacas» y por otras tantas cosas con las que se podrían llenar cientos de folios. Pero no pasemos por alto otros sentidos que también son patrimonio de Betanzos,



Arume



encabezados por el sentido del humor, por el sentido común y, principalmente, por el sentido del orgullo bien entendido que aporta el solo hecho de ser de esta tierra, de la romana Brigantium, a la que Dios dé vida muchos siglos más.

La obra de estos dos ilustres betanceiros, mis parientes, a los que he hecho mención, nos ha dejado un vasto legado que pervive hoy día gracias al esfuerzo de las Autoridades y a la perseverancia y buen hacer de quienes regentan y dirigen las diferentes Instituciones: La Residencia de ancianos, (antiguo asilo), Las Escuelas, El Refugio (hoy día Centro Pai Nemi), El Pasatiempo, etc.

De todas estas obras benéficas legadas a la ciudad y ya mencionadas, cabe destacar Las Escuelas García Hermanos; a principios del siglo XX, los chavales leían y escribían con la misma facilidad que hoy enviamos un Whatsapp. Hoy día parece una obviedad, pero si nos situamos en aquellos años, veremos uno de los más increíbles logros de Betanzos: la preparación y educación que impartían (e imparten) sus maestros, el tesón en el trabajo con los niños para proporcionarles un mejor futuro, conforman una dedicación y espíritu dignos de elogio. A nadie se le escapa que no hay libertad de pensamiento sin preparación, sin educación y sin formación. Qué orgullo ser de Betanzos!!

Y, hablando de educación y preparación, hay muchas otras razones por las que sentirnos orgullosos. Esta ciudad ha dado, da y seguirá dando, gentes ilustres y especialmente capacitadas, como así lo demuestra nuestra presencia en un sinnúmero de campos profesionales.

Betanzos está en la Presidencia del Consejo de Estado, en la política de más alto nivel de la Unión Europea, con eurodiputados que han estado representando a toda la Nación. Asimismo, profesionales de reconocido mérito en muy diversas áreas. Claros exponentes de ello son los médicos de renombre, los deportistas en sus diferentes especialidades, artistas, catedráticos, ingenieros, siquiátras, letrados. Sigamos así y alegrémonos de poder decir con la cabeza bien alta «soy de Betanzos y éstas son mis credenciales».

Mi abuela, Águeda, «Doña Águeda», nos decía que jamás debemos preguntar a nadie de dónde es. Si es de Betanzos, te lo dirá, y, si no lo es, no le pongas en un compromiso.

No es momento de hacer reivindicaciones, pues el carácter festivo de esta intervención no lo aconseja. Aun así, y aprovechando que el Mando y el Mendo pasan por Betanzos, desde este foro quiero hacer un llamamiento a la nueva Corporación Municipal, encabezada por el señor Alcalde, para que no ceje en su empeño en la conservación del casco antiguo de la ciudad. Es el patrimonio artístico máspreciado que tenemos y no podemos permitirnos el lujo de bajar la guardia en este sentido. Preservar la labor de cientos de años que desempeñaron los habitantes de esta ciudad ha de ser objetivo fundamental de todos y, especialmente, de quienes tienen la capacidad y el presupuesto para ello.



Artime

El buque insignia de nuestra riqueza, de la riqueza de Betanzos, siempre ha de navegar apoyado en la historia, en la cultura, en el patrimonio de esta tierra y de esta ciudad. Todos nosotros, su tripulación, hemos de estar ojo avizor y hacer llegar esta nave a buen puerto.

Mirad allá atrás, a vuestra espalda, ¿no veis una pequeña luz que se resiste a extinguirse? Pues eso es El Pasatiempo, la obra más cultural de los Hermanos

García Naveira. Con ese parque quisieron compartir con sus conciudadanos, guiados por un claro espíritu didáctico, todo aquello que con esfuerzo y tesón aprendieron en sus largos años de emigración. Este legado, esta herencia recibida por parte de los benefactores, está más muerta que viva. El deterioro del tiempo transcurrido sin haber acometido ni siquiera su mantenimiento le han convertido en un erial de residuos, en un terreno inconcluso y abandonado cuya cura será más complicada cuanto más tiempo dejemos pasar sin prestarle la atención obligada.

Es por ello por lo que insto a este Gobierno Municipal, a la Diputación de A Coruña, a la Xunta e, incluso, al Gobierno central, a que emprendan más pronto que tarde, la restauración del Parque; también este enclave es patrimonio de la ciudad y habría que otorgarle la importancia que se merece, respetando así la iniciativa de sus creadores y haciendo de él un gran atractivo turístico. No habría más que oxigenar esa tenue llama que aún permanece viva en la antorcha del que es el primer parque temático de España y que reclama a gritos ser adecentado para deleite y gozo de propios y extraños. Afortunadamente no soy el único que lo pide y hemos de conseguirlo entre todos. Me alegra saber que ya hay iniciativas en marcha.

Y ya voy terminando esta parte del pregón porque ahora y siempre nos toca a todos pregonar, no sólo las fiestas, sino también la existencia de esta hermosa localidad de Betanzos. Pregonemos a los cuatro vientos nuestra satisfacción de pertenecer a esta comunidad tan llena de encanto y belleza. Transmitid a vuestros hijos, a vuestros nietos, la historia y avatares de esta tierra que hoy pisamos. Hablemos de Betanzos allá donde estemos como lo hacían los Ilustres de la estatua del Campo. Da igual que sea en Toledo que en Singapur. El mundo entero ha de conocer una de las más amables y bonitas ciudades de Galicia... y de España!, qué caraxo! No en vano desde hace más de 40 años, es declarada conjunto histórico artístico.

Ahora, a divertirse, a disfrutar, a poner de manifiesto la inmensa alegría que nos provoca esta fiesta declarada de interés nacional. Abracemos a los amigos y el que pueda a sus enemigos también. Hagamos todo lo que una fiesta requiere y pide, sin olvidarse jamás de que el centro, el núcleo, la razón y el corazón de todo ello se llama BETANZOS. Larga vida a esta ciudad, a nuestro pueblo y que todos lo veamos. San Roque y Santa María, sin duda, nos echarán una mano.

Y ahora deseo alzar la voz con todo mi corazón y exclamar..... Viva Betanzos!!



15 de agosto de 2015

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das festas, a fermosa rapaciña Aroa Gutiérrez Lata, que recibiu a coroa de mans do alcalde, D. Ramón García. Seguidamente, a moza, Paula Gómez García, deu lectura ó pregón infantil.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque:

Outro ano, de novo, desde Betanzos me achego a ti para renovar o voto de fidelidade que o noso pobo secularmente che fai.

Con respecto e agarimo, ofrézoches as nosas ledicias e arelas, máis tamén as preocupacións que o tempo nos trae, as incertezas do futuro. E todo isto fágoo como alcalde de todos os betanceiros e betanceiras, renovando ano tras ano este xesto que se dirixe a ti e, por tanto, ao mundo dos sentimentos, das emocións, do espírito.

Considero que o peor que lle pode pasar a un pobo é perder a esperanza e isto é o que non nos podemos permitir. O planeta dá síntomas de estar doente; agroman guerras de todo tipo, mesmo relixiosas, como no mundo antigo; as migracións por persecución ou fame está á orde do día; uns poucos deciden demasiadas cousas sobre a maioría... Mais tamén temos sempre o tesouro que se agocha nas nosas familias, nas tradicións comunitarias que nos acompañaron ao longo de milleiros de anos, na nosa permanente capacidade de traballo, no paraíso que é Galicia e particularmente Betanzos e AS Mariñas.

Precisamos un pouco de ilusión, de fe no porvir. E por iso procede que, en nome de todos os betanceiros e betanceiras que hai no mundo, che pida neste día tan especial, por eles, para que a túa teimuda fe de peregrino, no medio de pestes e outras calamidades, nos sirva de exemplo para continuar. Penso na xente, na desta terra e na emigrante, mais especialmente en betanceiros con nomes e apelidos, naceran aquí ou viñeran de fóra, porque todos somos irmáns, todos formamos parte da nosa gran familia. Penso nos doentes, nos nosos maiores, nas persoas con discapacidade; penso tamén en tantas persoas que por iso que chaman cambio de ciclo, ou mesmo cambio de era, están sen traballo; persoas desprazadas por máquinas ou simplemente afundidas na crise económica. Falo dos que teñen medo, dos que xa non poden máis, mais refírome tamén á xente nova que temos que axudar a moverse nun mundo que cambia a gran velocidade. Porque é fundamental que lle saibamos dar aos nosos fillos e fillas ferramentas mentais que lles permitan encarar a vida con optimismo renovado.

Hai quen di que nos estamos a recuperar economicamente, pois que sexa certo e que a recuperación chegue a todos e todas, sen discriminación de clases sociais. Que volva xa a esperanza.

Pido por todos e todas, especialmente polos que máis sofren, mais pido tamén polo futuro que entre todos temos que construír.

Nesta terra de peregrinación, señor San Roque, danos luz no camiño!

Grazas!



César



César



16 de agosto de 2015

O Globo de papel, que ven realizando a familia Pita, emprende como cada ano a súa viaxe cara ó ceo brigantino. Este ano foi parar ó lugar dos *Carneiros* na parroquia de San Lourenzo de Vilarraso, no concello de Aranga.



Veiga

18 e 25 de agosto de 2015

Gran cantidade de persoas e lanchas engalanadas disfrutaron destes dous días de festa polo río e campo dos Caneiros. Como vén sendo habitual contouse cun importante dispositivo de seguridade. O Concello premiou as lanchas mellor engalanadas que foron: o primeiro, «Riandola»; segundo, para «A nosa bonita» propiedade de José Luis Barral e o terceiro, para «Frojan» da «Asociación Recreativa Cultural Mariñeiros do Regato dos Mouros».

21 de agosto de 2015

Na Praza da Constitución, organizado polo Concello, tivo lugar o «Festival Brigarock 2015» coa participación dos grupos betanceiros *Loss Yos*, *Sickeeper*, *Los Inesperados* e a banda catalá de Rafá Pons.

23 de agosto de 2015

Celebrouse a «XV Carreira Popular de Betanzos» organizada polo Club de Atletismo *As Mariñas*, en colaboración co Concello. Na mesma resultaron gañadores Nicolás Domínguez García, en categoría masculina e Noemi Moral Navazo en categoría feminina.



Arume



3 de setembro de 2015

Faleceu neste día o músico betanceiro (magnífico trompetista), José Pita Rozados, quen participou na formación de varias orquestras da localidade e colaborou na refundación da Banda Municipal de Betanzos.

4 de setembro de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a «Noite de Djs» organizada pola OMIX do Concello de Betanzos.

8-28 de setembro de 2015

Na Sala Jesús Núñez do Edificio Liceo puido verse a exposición titulada «Acariñando o ceo de Cecebre» con obras do artista Alex Vázquez, organizada polo Concello de Betanzos coa colaboración da Fundación Wenceslao Fernández Flórez.



12-13 de setembro de 2015

Celebrouse na praza dos Irmáns García Naveira a terceira edición da «Mostra de Viños da Terra e Produtos das Mariñas, Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo», na que participaron máis de vinte postos e que estivo organizada polo GDR Mariñas Betanzos, Xunta de Galicia, Iniciativa Xove e Concello.

Setembro de 2015

Con motivo da celebración do «Día Europeo das Linguas» neste mes realizouse na Biblioteca Municipal *Castelao* unha exposición sobre distintos manuais, ensaios, gramáticas e dicionarios dalgunhas das linguas europeas.



18 de setembro de 2015

No Cine Alfonso III celebrouse o «I Certame de monólogos», organizado pola OMIX do Concello de Betanzos. A gala estivo conducida polos actores David Noya e Genma Pardo e ambientada musicalmente por Sebas Dj. Ademais contouse coas actuacións en directo e fóra de concurso de Rodolfo Couto e Marcos Mella. O primeiro premio foi para o vigués David Gundín.

19 de setembro de 2015

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos celebrou o desfile de moda outono-inverno na Praza da Constitución.

19-20 de setembro de 2015

Celebrouse ó longo destes días a «IV Semana de Custodia en las Mariñas Coruñesas y Tierras del Mandeo», organizada polo padroado Fragas do Mandeo. As xornadas contaron con mesa redonda e diversas conferencias nas que participaron: D. Jorge Mouriño, D^a Lucía Latorre, D. Eliseo Zaera e D^a Natividad Gilsanz. O acto de presentación contou coa presenza de D. José Antonio Santiso, presidente da Asociación de Desenrolo Rural Mariñas-Betanzos, D. Fernando Bandín, do padroado Fragas do Mandeo e o alcalde de Betanzos, D. Ramón García. Como complemento destas actividades levouse



a cabo unha xornada de limpeza nas beiras do río coa II Eco-regata na ría de Betanzos na que participaron as asociacións: *Amigos dos Ríos de Betanzos*, *Asociación Ría do Pedrido*, *Lar de Unta*, *Roxín Roxal* e *Casa Castillo* de Betanzos e a colaboración de Protección Civil de Betanzos, comercial Vicente de la Fuente e Concello de Betanzos.



20 de setembro de 2015

Na praza dos Irmáns García Naveira celebrouse a «Feira do Reciclaxe», organizada por *Insertega* en colaboración coa Asociación Galega de Vendedores Ambulantes e do Concello. Os participantes doaron produtos de primeira necesidade para o Banco de Alimentos que foron entregados ó Concello.



24 de setembro de 2015

Celebrouse a Vendima Infantil, organizada por *Viña Ártabra* e o Concello, na que participaron os alumnos do colexio Vales Villamarín.

29 de setembro de 2015

As mareas vivas anegaron o barrio da Ribeira afectando a varios baixos de vivendas e negocios da zona, así como a vehículos e usuarios da vía.



1-18 de outubro de 2015

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do Edificio Liceo tivo lugar a exposición de cadros cerámicos e escultura titulada «Linguaxe das flores» con obras da artista Mercedes Pico García.



César

2 de outubro de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do Edificio Liceo presentouse o Anuario Brigantino 2014 nº 37. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García, a quen acompañaba a concelleira de cultura, D^a María Barral Varela e o director da publicación, Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do Profesor do IES Francisco Aguiar, doutor en Xeografía e Historia, poeta e colaborador do Anuario Brigantino D. Xosé Luís Mosquera Camba.

2-12 de outubro de 2015

Celebrouse ó longo destes días a «Semana da Tortilla de Betanzos», organizada polo Concello e na que participaron dezaoto establecementos. O evento contou coa colaboración da casa de refrescos Coca-Cola que premiou ós elixidos entre os participantes na votación. O premio á mellor tortilla recaeu en *Casa Miranda*, o segundo clasificado foi a *Cafetería Lenda* e o terceiro *Casa Carmen*.



Arume

Anuario Brigantino 2015, nº 38

5-7 de outubro de 2015

Desenrolouse no Edificio Liceo o «XI Festival Internacional de Títeres Consorcio As Mariñas (Galicreques 2015)», no que participaron os seguintes grupos: *Vagabundo Títeres* (Chile), *Teatro de Ilusiones Animadas* (Argentina) e *Manu Mansilla y su Teatro de Títeres Anticostumbrista* (Argentina).

9 de outubro de 2015

Celebrouse no Edificio Liceo un Seminario Internacional sobre a conservación e renovación da cidade, o xardín e a paisaxe históricos. Organizado polo Concello coa participación das Consellerías de Medio Ambiente e Cultura, que tivo como tema principal o Pasatempo e a importancia de declaración BIC, e o casco histórico. A xornada foi inaugurada polo alcalde, D. Ramón García, e a *Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, D^a María Encarnación Rivas.

9 de outubro de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto por conta do grupo *Ensamble Mamo & Jouni Koskimäki* de Jyväskylä (Finlandia), dentro das actividades do «XXVI Festival Internacional de Música de Pulso e Púa *Cidade de Cristal*» que organizou a Agrupación Musical Albeniz, coa colaboración do Concello de Betanzos.

10 de outubro de 2015

No adro de Santo Domingo celebráronse diversas actividades de animación con motivo do «Día Mundial da Saúde Mental», organizadas pola Asociación Pro Enfermos Mentais Betanzos en colaboración co Concello.

10 de outubro de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Bivalmos como Galegos!» interpretada pola compañía *Os Sete Magníficos + 1*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

11 de outubro de 2015

Na praza do antigo Matadoiro Municipal tivo lugar o Festival de Música e Baile na honra de San Miguel, patrón da Confraría dos Mariñeiros, organizado pola Asociación Danzas Gremiais de Mariñeiros e Labradores *Xóvenes do Pobo* coa colaboración do Concello.

21 de outubro-12 de novembro de 2015

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do Edificio Liceo puido verse a exposición de pintura titulada «Estampas Galaicas» con obras do artista Juan Antonio Agra Breijo.

24 de outubro de 2014

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Demolición», interpretada pola compañía *Talia Teatro*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

28 de outubro de 2015

O alcalde de Betanzos, D. Ramón García, mantivo en Santiago unha reunión coa nova conselleira de Medio Ambiente, D^a Beatriz Mato, para analizar diversas cuestións en materia de infraestruturas relacionadas cos bombeos e estación de tratamento de auga potable e a situación das inundacións do barrio da Ribeira.



Outubro-novembro de 2015

A Concellería de Servizos Sociais, en colaboración coa *Fundación Mulleres* e a Deputación celebra ata o 24 de novembro un taller dirixido a mulleres que teñen ao seu cargo persoas dependentes.

Outubro de 2015

O Concello a través da Oficina de Turismo desenrolou o programa «Coñece a túa cidade, o máis próximo» dirixido ao alumnado da escola de Infantil e aos de cuarto de educación Primaria do CEIP Francisco Vales Villamarín.

Outubro-novembro de 2015

Leváronse a cabo nestes meses as Xornadas de Linguaxe Administrativa Galega que desenrolou o Servizo de Normalización Lingüística do Concello en colaboración co Departamento de Administración Pública do IES *As Mariñas*.

Novembro de 2015

Desenrolouse neste mes no Cine Alfonso Setti o programa *Noite de cine 2015*, organizado pola Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos.

Novembro de 2015

Ó longo deste mes viñeron desenrolándose diversas actividades culturais organizadas con motivo da celebración do «XLVII Festival Santa Cecilia» organizado pola Coral Polifónica de Betanzos.

2 de novembro de 2015

O procurador betanceiro, D. Manuel José Pedreira del Río recibiu de mans do ministro de xustiza a «Cruz Distinguida de la Orden de San Raimundo de Peñafort», en recoñecemento ós servizos prestados á administración de Xustiza ó longo da súa traxectoria profesional.

Novembro de 2015

O Concello sumouse á celebración do «Día da Ciencia en Galego» cunha exposición bibliográfica na Biblioteca Municipal Castelao.

7 de novembro de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «D.E.P. (Descansa en paz)» interpretada pola compañía *Malasombra Productions*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

10 de novembro de 2015

Faleceu neste día o músico betanceiro, Juan Sobrino Pazos, quen participou na formación de moitas orquestras da localidade e colaborou na refundación da Banda Municipal.

13 de novembro de 2015

No Conservatorio Municipal de Música Carlos López García-Picos tivo lugar o acto de descubrimento da placa que designa a Aula de Vento Madeira co nome do artista betanceiro Francisco Carlos Seijo «Carlines», polifacético artista betanceiro, que entre outras cousas fundou a Rondalla que leva o seu nome. O acto onde estiveron presentes varios membros da súa familia foi presidido polo alcalde, D. Ramón García.



César



elidetalgallego.com





Arume

27 de novembro a 6 de decembro de 2015

Ó longo destes días desenrolouse a «V Semana do Pincho», na que participaron vinteito establecementos hosteleiros da cidade que presentaron pinchos orixinais que ofreceron ós seus clientes. As «Boliñas crumbs» de *Casa do Queixo* acadaron o primeiro premio do xurado. Taberna 1931 acadou o premio «popular» coa tapa de «lascas de lura e atún con pétalos de algas, tofu crocante e prebe negro». As persoas que participaron na votación optaron a un sorteo dun premio da Asociación de Comerciantes e Empresarios.



29 de novembro de 2015

O alcalde, D. Ramón García Vázquez, e o presidente da Asemblea Local de Cruz Vermella Betanzos, D. Víctor Méndez Vázquez, asinaron un convenio de colaboración no programa de reforzo de alimentos en que se atenden a familias do concello en situación de vulnerabilidade.

3-17 de decembro de 2015

Na Sala Jesús Núñez do Edificio Liceo tivo lugar a «Exposición X Certame de Artesanía Antonio Fraguas» dentro das exposicións itinerantes da Deputación da Coruña.

4 de decembro de 2015

Organizados polo Concello de Betanzos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña, tivo lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns o espectáculo «A lírica na casa», por conta da Coral Polifónica *El Eco da Coruña*; e no CEIP Francisco Vales Villamarín o espectáculo «Baila Roque baila!» por conta do grupo *Baobab Teatro*.

11 de decembro de 2015

No Conservatorio Municipal de Música Carlos López García-Picos, tivo lugar o acto de descubrimento da placa que nomea unha Aula do centro co nome do músico Antonio Cal Vázquez «Purriños», betanceiro e mestre de jazz que levou o seu arte polo mundo adiante. E cando volveu a Betanzos creou e dirixiu a *TMB Jazz Band* e dirixiu a Banda Municipal. O acto, onde estiveron presentes varios membros da súa familia, foi presidido polo alcalde, D. Ramón García, acompañado de varios membros da Corporación.




11 de decembro de 2015

No Cine Alfonso, e organizada pola Asociación Cultural Roxin Roxal, tivo lugar a rememoración do teatro das Irmandades da Fala, coa representación da obra «Ruínas» de Leandro Carré Alvarellos, por conta do Cadro de Teatro de *Cántigas da Terra*. Esta mesma obra fora estreada nesta mesma sala a principios do século XX. Ó remate celebrouse unha conferencia por parte de Xesús Torres, finalizando cun coloquio.

12 de decembro de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «A casa do avó» interpretada pola compañía *Tanxarina*, no «VII Ciclo de Teatro en Familia» organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



12-13 de decembro de 2015

Celebrouse o Memorial Carlos López García-Picos, organizado polo Concello de Betanzos e coordinado polo músico betanceiro Javier Ares Yebra. Tivo lugar unha mesa redonda coa participación do director de orquestra Máximo Zumalave e o concertista Florian Vlashi. No concerto homenaxe incluíronse importantes estreas de obras do compositor e nel participaron o propio Javier Ares Yebra, o grupo *Zoar Ensemble* e o violinista, Florian Vlashi.

13 de decembro de 2015

Persoal de Eroski Center de Betanzos, co patrocinio de Vegalsa-Eroski e a colaboración de varias entidades e do Concello de Betanzos, organizou unha «Andaina Solidaria» baixo o lema «Hoxe camiñamos por... os refuxiados sirios».

13 de decembro de 2015

Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o belén móbil que dirixe D. Manuel López Castro, situado no segundo andar do Edificio Liceo.

14 de decembro de 2015

O deseñador gráfico D. Luís Galán entregoulle ao Concello, nun acto coa primeira tenente de alcalde D^a María Barral, tres obras de recunchos de Betanzos elaboradas para a exposición organizada polo Consorcio baixo o título, «As Mariñas de nunca xamais».





17 de decembro de 2015

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un Pleno Infantil organizado polo Concello e no que participaron o CRIP Francisco Vales Villamarín e o CPR Nosa Señora do Carme-Atocha.

19 de decembro de 2015

No Conservatorio Municipal de Música Carlos López García-Picos, tivo lugar o acto de descubrimento dunha placa que nomeou a Aula de Baile Tradicional da Escola Municipal de Folclore co nome do gaiteiro Manuel Rilo Pardo «O vello Rilo», falecido en 1907 e considerado un dos mellores gaiteiros do seu tempo. O acto, onde estiveron presentes varios membros da súa familia, así como membros da Escola Municipal de Folclore, foi presidido polo alcalde, D. Ramón García, acompañado de varios membros da Corporación Local. O gaiteiro e profesor da Escola Municipal



de Folclore, D. Pedro Lamas interpretou varias pezas coa gaita do vello Rilo recuperada para a ocasión.

20 de decembro de 2015

Celebráronse as eleccións a deputados a Cortes e Senadores. Na nosa cidade déronse os resultados seguintes: PP, 2.921; Podemos-En Marea-Anova-Eu, 2.024; PSdeG-PSOE, 1.769; C's, 737; Nós, 298; outros, 157; nulos, 118; en branco, 70; abstencións, 2686.

21 de decembro de 2015

A empresa *Viaqua de Galicia*, a través do director de concesións, D. Julio Masid Bande e o xerente da Zona Norte, D. Luis Morón, fixo entrega ao Concello de Betanzos dunha partida de xoguetes destinadas a nenos e nenas de familias necesitadas dentro dunha campaña que ten como finalidade que «ningún neno se quede sen o seu regalo nestas festas de Nadal e Reis». Recibiron a donación o alcalde, D. Ramón García Vázquez, os concelleiros D^a Mónica Carneiro e D. Diego Fernández.



22 de decembro de 2015

A partir deste día puido verse a exposición e mercado de bordados artesanais realizados polo Centro Ocupacional Pai Menni de Betanzos.

Decembro de 2015

En todo este mes e parte de xaneiro de 2016 desenvolveuse o programa de festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Nuria Beiro Oldán do colexio Vales Villamarín, que resultou gañadora do concurso de carteis de Nadal do Concello.



NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*)

en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ' ... ' resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Míguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre parénteseponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máisponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA sitúase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación (entre paréntese seguido por dous puntos), *Título do libro en cursiva*. Editorial (Colección se é pertinente) e cidade. P. ex.: CHAMPEAUX, Gérard de, STERCKX, Dom Sébastien (1989): *Introducción a los símbolos*. Ediciones Encuentro (Colecc. *Europa Románica*, v. 7.), Madrid.

Se se trata da **edición dun texto** indícase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.) (2000): Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E inclúese unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza (2000) (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra

colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Editorial (Colección), cidade: páxinas. P. ex.: FRADEJAS RUEDA, José Manuel (2000): «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26): 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indícase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título do artigo». *Título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábicas, páxinas: MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen (1998): «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad». *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Historia Medieval, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, pónense APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indícase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.


(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos». *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo: <<http://hemeroteca.betanzos.net>> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.





Obra de María Maquieira.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2015, Nº 38
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE 2016



*A Porta da Vila antes do ensanche de 1905.
Foto de Francisco Javier Martínez Santiso. AMB.*